

VI *Carreira Pedestre Popular*

CONCELLO DE BOIMORTO



16 DE SETEMBRO DE 2012



FEDERACIÓN GALEGA
DE ATLETISMO



CONCELLO DE
BOIMORTO

O Concello de Boimorto celebra a VI edición do seu Canicross e Carreira Pedestre Popular o domingo 16 de setembro de 2012 na localidade de Boimorto baixo o control técnico da Federación Galega de Atletismo (Delegación en Santiago) e de acordo co seguinte

REGULAMENTO

1. Poderán participar atletas federados e non federados; haberá unha soa clasificación conxunta. O control da carreira estará a cargo do Comité de Xuices e Cronometradores da Federación Galega de Atletismo, Delegación de Santiago de Compostela.

2. CATEGORÍAS DOS PARTICIPANTES:

✕ PITUFO	atletas nados en 2008 e posteriores
✕ PREBENXAMÍN	atletas nados en 2005, 2006 e 2007
✕ BENXAMÍN:	atletas nados nos anos 2003 e 2004
✕ ALEVÍN:	atletas nados nos anos 2001 e 2002
✕ INFANTIL:	atletas nados nos anos 1999 e 2000
✕ CADETE:	atletas nados nos anos 1997 e 1998
✕ XUVENIL-JUNIOR:	atletas nados nos anos 1993, 1994, 1995 e 1996
✕ PROMESA-SENIOR:	atletas nados en 1992 ata veteranos
✕ VETERANO A:	atletas nados entre 1977 e 1967
✕ VETERANO B:	atletas nados entre 1966 e 1955
✕ VETERANO C:	atletas nados en 1954 e anteriores
✕ VETERANA A:	atletas nadas entre 1977 e 1967
✕ VETERANA B:	atletas nadas en 1966 e anteriores

3. DISTANCIAS E HORARIOS:

O percorrido da carreira seguirá un circuito de **3.167 metros** a partir da categoría infantil e cadete.

09:30 h. CANICROSS POPULAR (3167 m (1 volta ó circuito))

10:20 h. CHUPETE (200 m)

10:30 h. PREBENXAMÍN (500 m)

10:45 h. BENXAMÍNS e ALEVÍNS (1000 m)

11:00 h. INFANTÍS e CADETES (3167 m (1 volta ó circuito))

11:30 h. XUVENI-JUNIOR, PROMESA-SENIOR e VETERÁNS
(6334 m (2 voltas ó circuito))

12:45 h. ENTREGA DE PREMIOS (Campo do Rosario)

4. INSCRICIÓNS.

* PROBAS ESCOLARES (prebenxamín, benxamín, alevín, infantil e cadete).

Realizaranse a través do correo electrónico carreiradeboimorto@hotmail.com.

Deberán facer constar os seguintes datos na inscrición: *nome e apelidos, data de nacemento, localidade de procedencia, CLUBE e N° DE LICENCIA FEDERATIVA (prégase dar este dato se está en posesión da licenza para a cobertura do seguro de accidentes deportivos).*

* CATEGORÍAS DE ADULTOS (Xuvenil-Junior, Promesa-Senior e Veteráns).

As inscricións realizaranse a través da web www.championchipnorte.com. O prezo de inscrición será de 4 € para aqueles atletas propietarios de **CHIP AMARELO**, e de 5 € para aqueles atletas **NON PROPIETARIOS DE CHIP AMARELO**. Os atletas locais deberán indicalo cubrindo a casilla correspondente no momento da inscrición.

Os atletas da proba absoluta correrán con un CHIP que lles será entregado na SECRETARÍA no momento de recoller o dorsal (excepto propietarios); unha vez crucen a liña de meta deberán entregalo de xeito obrigatorio nuns recipientes habilitados para tal efecto.

Admitiranse inscricións ata o xoves 13 de setembro de 2012 ás 22:00 horas. **NON SE ADMITIRÁN INSCRICIÓNS FORA DO PRAZO ESTABLECIDO.** Os dorsais recolleranse na Secretaría da Competición sita no colexio público de Boimorto (Campo do Rosario) ata media hora antes do inicio de cada proba.

Para calquer información adicional poderán chamar ó teléfono 645 980 135.

5. Haberá servizo de vestiario e duchas a disposición de tódolos atletas sito no polideportivo municipal (a carón da saída).

6. PREMIOS

Haberá trofeos para os 3 primeiros clasificados de cada categoría, agás ós 3 primeiros/as clasificados/as da proba absoluta (XUVENIL-JUNIOR, PROMESA-SENIOR e VETERÁNS), os cales percibirán un diploma conmemorativo da proba así como o correspondente premio en metálico. Tamén outorgarase trofeos os 3 primeiros clasificados/as censados no Concello. Os trofeos non serán acumulativos. No caso de non haber 4 participantes na categoría haberá só trofeo ó gañador (agás nos locais).

Trofeo ó atleta máis xoven e máis veterán que sexan capaces de finalizar a carreira polos seus propios medios e sen axudas externas. Tamén haberá agasallo sorpresa conmemorativo da carreira para os corredores da proba absoluta, así como froita e bebida a quen finalice a proba (para absoluta e escolares).

PREMIOS EN METÁLICO

(Só para a Carreira Absoluta: JUNIOR, SENIOR e VETERÁNS)

PREMIOS INDIVIDUAIS

1º Clasificado/a:	150 €
2º Clasificado/a:	100 €
3º Clasificado/a:	50 €

PREMIOS POR CLUBES*

1º Clube Clasificado:	150 €
2º Clube Clasificado:	100 €
3º Clube Clasificado:	50 €

PREMIOS ESPECIAL POR RÉCORD

DA PROBA

BATIR O RÉCORD DA CARREIRA ABSOLUTA

MASCULINA OU FEMININA: 100 €

(Manuel Ángel Penas Blanco 2007: 19'17'')

(Maria Jesús Gestido Rodríguez 2008: 22'21'')

PREMIO GANADOR/A LOCAL

1º Clasificado/a: 50 €

*Para a entrar na premiación por clubs deberán inscribirse os atletas individualmente na web www.championchipnorte.com e remitir un correo electrónico á dirección carreiradeboimorto@hotmail.com cos datos do clube xunto co listado de atletas que participarán na proba, só se admitirán clubs federados de atletismo ou triatlon para optar ós premios en metálico. **SEN ESTE CORREO ELECTRÓNICO NON PODERÁN OPTAR OS PREMIOS POR CLUBES.**

A clasificación por clubs será establecida a través dos 4 primeiros corredores en cruzar a liña de meta, pola suma dos seus postos, gañando o equipo que menos puntos acade. En caso de empate gañará o equipo que mellor clasifique o seu 1º compoñente. Os equipos

poderán ser mixtos. *Para puntuar nesta clasificación é necesario que alo menos 8 corredores do clube logren concluir a carreira.*

O abono dos premios en metálico realizarase ó concluir a entrega de premios, para o cal os gañadores dos mesmos deberán acreditar a súa identidade coa presentación do DNI.

7. As reclamacións ós resultados oficiais deberán formularse verbalmente ó Xuíz Árbitro da Competición non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos mesmos.
8. Segundo o artigo 3.4. do Regulamento de probas da Federación española de Atletismo respecto as Competicións Autonómicas, *“En autonomías con frontera terrestre con Portugal o Francia se permitirá la participación de atletas del país vecino siempre y cuando estos atletas no hayan sido internacionales por su país en los últimos 5 años y en una prueba similar. ... En todos estos casos el atleta deberá poseer el permiso de la Federación de su país de acuerdo con la normativa IAAF. ...El organizador retendrá el premio hasta que el atleta presente la documentación que permita su participación en la prueba”.*
9. Todo o non previsto no presente regulamento, resolverase de acordo co Regulamento da RFEA e IAAF en vigor.



ORGANIZAN:



CONCELLO DE
BOIMORTO



FEDERACIÓN
GALEGA DE
ATLETISMO

COLABORAN:



VI Canicross de Boímorto

Trofeo: "Concello de Boimorto"

PROBA DO CALENDARIO 2012-13 DE CANICROSS DA FGDI



16 DE SETEMBRO DE 2012



FEDERACIÓN GALEGA
DE ATLETISMO



CONCELLO DE
BOIMORTO

REGULAMENTO DA PROBA: " Trofeo 'Concello de Boimorto' "

* PRESENTACIÓN

O Canicross é unha modalidade deportiva do Mushing que é un deporte que depende da Federación De Deportes de Inverno. Consiste en correr cun can atado á cintura mediante unha liña de amarre que une o arnés de tiro do can ó cinto de tiro do corredor.

O entorno é privilexiado pola diversidade de paisaxes: regatos, carballeiras,... ademais do interés etnográfico que presenta o percorrido.

* REGULAMENTO (resumido)

A proba rexeráse polo Regulamento da Liga Galega de Canicross 2012-13, publicado na web da FGDI e de ACADE e que poderán ver os participantes antes da proba. Informarase dos detalles máis importantes na Reunión Informativa. Será responsabilidade do corredor coñecer e a inscrición na proba implica a aceptación do mesmo.

Poderán participar corredores federados ou non pola FGDI, habendo unha soa clasificación conxunta.

Os aspectos máis importantes para poder participar son:

- ✱ Tódolos cans cumprirán obrigatoriamente
 - o Ter 12 meses como mínimo.
 - o Pasar o Control Veterinario.
 - o Ter Cartilla de Vacinación ó día selada por Veterinario colexiado.
 - o Ter o Microchip implantado.
 - o Ter Póliza de R.C. que cubra a práctica deportiva e competición.
- ✱ Os participantes irán equipados obrigatoriamente co seguinte material:
 - o O can levará **arnés de tiro** sen ningún elemento de ningún material.
 - o Corredor e can irán unidos por unha **línea de tiro con amortiguador** que non superará os 2'5m en extensión e non levar ningún elemento de ningún material para unirse ó arnés de tiro do can.
 - o O corredor levará un **cinto** de 7 cm de ancho como mínimo onde enganchar a **línea de tiro** mediante un sistema de apertura rápida.

Se non se dispón do material: a organización instalará puntos de venda de material antes da proba, chamando con anterioridade ó organizador. Pero é responsabilidade do corredor ter o material para o día da proba.

Se non se dispón da Póliza de R.C.: pódese contratar unha póliza por un día contactando en asociacioncansdeportistas@gmail.com ou co organizador.

O día da proba será obrigatorio presentar a Cartilla de Vacinación e o xustificante de pagamento da Póliza de R.C.

A inscrición finaliza

o Xoves 13 de Setembro de 2012 ás 22:00 horas.

* CATEGORÍAS (homes e mulleres)

Cadete: 12-14 anos

Xunior: 15-17 anos

Sénior: 18-39 anos

Master 40: 40-49 anos **Master 50:** 50 anos en adiante.

* HORARIO

08:30 - 09:00 Entrega Dorsais e Control Veterinario.

09:00 - 09:15 Reunión Informativa.

09:30 - 10:00 IV Canicross Boimorto.

13:00 - 13:15 Entrega de Trofeos.

* NORMAS DA CARREIRA (resumido)

- ✱ Os corredor correrá sempre por detrás do can permitíndose como máximo facelo á altura das patas traseiras.
- ✱ AMONESTACIÓN: Non implica penalización de tempo:
 - o Non levar o dorsal visible, saír sen el ou perderlo na carreira.
 - o Non facilitar ou dificultar un adiantamento.
 - o Non asistir á reunión informativa previa á carreira cando sexa obrigatoria.
 - o Non pasar o control de parque-cerrado cando exista.
 - o Levar o can desatado antes ou despois da proba.
 - o Non levar a línea de tiro recollida na saída os metros indicados.
 - o Emporcar o percorrido ou lugar da proba de calquera xeito.
 - o Outros supostos, que sendo a 1ª vez, o Director de Carreira considere que:
 - NON ten consecuencias para ningún participante.
 - NON lle otorga ningún vantaxe.
 - NON son un perxuicio para o deporte, a proba u outro competidor.
- ✱ PENALIZACIÓN: Penalizarase engadindo 60 segundos ó tempo do corredor:
 - o Correr por diante do can tirando ou sen tirar del (á 2ª vez son 2 minutos).
 - o Empurrar ó can dende atrás.
 - o Pouco control do corredor sobre o seu can na saída ou durante a proba.
 - o Outros supostos de amonestación repetidos.
- ✱ DESCALIFICACIÓN: NON implica a "posta a 0" do expediente do corredor:
 - o Correr por diante do can tirando ou sen tirar del (3ª vez).
 - o Empurrar ó can dende atrás (2ª vez).
 - o Pouco control do corredor sobre o seu can na saída ou durante a proba (2ª vez).
 - o Maltratar un can ou agredir a outro corredor ou membro da organización.
 - o Manifesta agresividade do can ou falla grave de control sobre el.
 - o Non pasar por todos os puntos de control ou acortar o percorrido.
 - o Recibir axuda externa fora dos espazos autorizados.
 - o Degradar o itinerario.
 - o Dañar intencionadamente equipos ou material da organización.
 - o No prestar auxilio a outro equipo no caso de accidente deste.
 - o Soltar ou perder ó can durante a carreira.
 - o Outros supostos que o Director de Carreira considere que:
 - Ten consecuencias para algún participante.
 - Otórgalle algún vantaxe.
 - Son perxuicio para o deporte, a proba ou calquer competidor.

* PERCORRIDO


A proba seguirá un percorrido de 3167m sinalizados.

* TROFEOS

Haberá Trofeo para os 3 primeiros de cada categoría constituída (4 participantes), senón só ó gañador da categoría.

* FOLLA DE INSCRICIÓN

As inscricións realizaranse a través da web www.championchipnorte.com. O prezo de inscrición será de **4 €** para aqueles atletas propietarios de **CHIP AMARELO**, e de **5 €** para aqueles atletas **NON PROPIETARIOS DE CHIP AMARELO**. Os atletas locais deberán indicalo cubrindo a casilla correspondente no momento da inscrición. A continuación deberán cubrir a folia que está a disposición nas web's: www.fgdi.es, <http://acade.blogia.com> ou www.gimnasioesparta.com/asociacionacade. Unha vez cuberta débese remitir a: asociacioncansdeportistas@gmail.com.



ORGANIZAN:



CONCELLO DE
BOIMORTO



FEDERACIÓN
GALEGA DE
ATLETISMO

COLABORAN:

